

OS COMPADRES E AS COMADRES NO ENTROIDO GALEGO

Antigamente, durante o Entroido, en moitos lugares de Galicia representábase unha loita entre sexos. A sociedade era machista , e as mulleres aproveitaban o segundo xoves anterior ó martes de Entroido para facer un gran compadre na praza do pobo, e alí mofábanse del , insultábano etc... Ó chegar a noite queimábano.

Os homes quixeron facer o mesmo e á semana seguinte , o xoves anterior ó martes de Entroido facían unha comadre grande na praza do pobo, mofábanse dela e á noite queimábana.

XOVES DE COMPADRES E COMADRES NALGÚNS COLEXIOS DE GALICIA

XOVES DE COMPADRES

As nenas saen ó patio do colexio co seu compadre que fixeron con anterioridade na clase de plástica. Os nenos tentan de collello e esnaquízalo. Elas loitan para que non o consigan.

XOVES DE COMADRES

Os nenos saen ó patio do colexio coa comadre, e agora son elas quenes tratan de agarralo e esnaquízalo, mentres que eles escapan para que non o consigan.

